


# O ENTROIDO



## AS ANGARELLAS

### O ENTERRO DA SARDIÑA

DOUS TEXTOS DE ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



A GALICIA  
INSOLITA



BRIGAL

## UNIDADE DIDÁCTICA

### 3.º e 4.º de Ed. Primaria

Actividades: EDLG. CEIP «Juan Fernández Latorre» da Coruña



CEIP «JUAN FERNÁNDEZ LATORRE»  
A CORUÑA



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

# AS ANGARELLAS


ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

En Vimianzo saían coas *angarellas*, coa que serven os labradores o esterco, e poñían enriba un asno de palla, cuberto de branco, e a cabalo había un home e unha muller tamén de palla.

O martes, co arado dun labrego e dous homes vestidos de negro, representaban na praza unha sementeira.

Eles mesmos facían dúas vacas mal feitas, diante das cales ía un deles e detrás, cunhas barbas moi longas, ía o outro cun caldeiro de serraduras amasadas con auga sucia, que semellaba o trigo para a sementeira.

O labrego ao facer a sementeira arreboláballe as serraduras á xente que se atopaba ao seu carón e que, para non ser alcanzada, corría dun lugar a outro, carreiras que constituían o motivo principal da festa.



# QUE LEMBRAS DO TEXTO?

1. En que vila coruñesa está ambientado o relato?

---

2. Que aparello serve para para distribuír o esterco?

---

3. Que figura de palla colocaban enriba das angarellas?

---

4. En que día da semana facían a representación?

---

5. Que levaba no caldeiro o home coas barbas moi longas?

---

6. A quen lle arrebolaba as serraduras o labrador?


---

7. Que constituía o principal motivo da festa?

---

8. Quen é o autor do texto?


---



Paula, 5.ª



# O ENCRUCILLADO



## HORIZONTAIS

1. Que día da semana celebraban a festa?
2. En que vila coruñesa?
3. De que cor era a roupa dos que representaban unha sementeira?
4. E de que tamaño eran as barbas dun deles?
5. Que ferramenta usaban para representar a sementeira?
6. Que se reparte coas angarellas?
7. De que estaba feito o burro?
8. En que recipiente levaban as serraduras?
9. En que parte da vila celebraban a festa?
10. Como estaba a auga na que se amasaban as serraduras?

1.-MARTES 2.-VIMIANZO 3.-NEGRO 4.-LONGAS 5.-ARADO 6.-ESTERCO 7.-PALLA 8.-CALDEIRO 9.-PRAZA 10.-SUCIA

# COMPLETANDO O TEXTO

Completa, usando as palabras do recadro, o texto do martes de entroido en Vimianzo.

cabalo	martes	angarellas	palla	negro	muller
sementeira	esterco	labrego	Vimianzo		

En \_\_\_\_\_ saían coas \_\_\_\_\_, coa que serven os labradores o \_\_\_\_\_, e poñían enriba un asno de \_\_\_\_\_, cuberto de branco, e a \_\_\_\_\_ había un home e unha \_\_\_\_\_ tamén de palla.

O \_\_\_\_\_ co arado dun \_\_\_\_\_ e dous homes vestidos de \_\_\_\_\_ representaban na praza unha \_\_\_\_\_.

## A CADA UN O SEU!



Relaciona as frases das dúas columnas.

Dúas vacas ■

A xente ■

Burro de palla ■

Dous homes ■

Barbas ■

O labrador ■

Representaban na praza ■

■ Moi longas

■ Unha sementeira

■ Corría dun lugar a outro


■ Guindaba as serraduras

■ Vestidos de negro

■ Mal feitas

■ Cuberto de branco

# PARA QUE?



Para que se usan as angarellas? Colorea.

PARA LEVAR O GANDO

PARA ANIMAR AS FESTAS

PARA SERVIR O ESTERCO

PARA SEMENTAR

# CADA COUSA NO SEU SITIO

Ordena estes feitos do relato e inventa unha frase final.

O labrego tiráballe as serraduras á xente.

Un dos homes levaba un caldeiro con serraduras amasadas con auga sucia.

A xente corría dun lugar a outro.

Dous homes de negro representaban na praza unha sementeira.



5

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

# QUE CAMIÑO COLLEMOS?


Que camiño ten que seguir o labrego para coller as serraduras amasadas en auga sucia?



# COMPLETAMOS?

Averigua a palabra da definición.

Excremento dos animais mesturados con estrume.



E          E          O

Día da semana no que se facía a representación da sementeira.

   A          E         



Recipiente que levaba o labrador coas barbas moi longas.




   A          E I          O

Conxunto de partículas que se desprenden da madeira ao serrala.

   E          A          U          A         



Apeiro de labranza usado para levar o esterco.




A          A          E                   A         


ESTERCO MARTES CALDEIRO SERRADURAS ANGARELLAS



# O CREBACABEZAS



# AS ANGARELLAS



# O ENTERRO DA SARDIÑA


ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A farsa final constitúea «O Enterro da Sardiña». Realízase en moitos lugares de Galiza, unhas veces o Mércores de Cinza e outras o Domingo de Piñata.

En Vimianzo celébrase o mércores. Pola noite saían cun carro engalanado pola rapazada do lugar con ramos, papeis de cores e cintas. O carro ía tirado por un cabalo, cos correspondentes ornamentos.

Era maioral do carro un neno que levaba unha sardiña dentro dunha caixa. O neno ía chorando pola sardiña, era o pranto ofrecido pola dor da sardiña morta e que ían soterrar. *Ai, miña sardiña... Ai, miña sardiñiña!*

O rapaz debía representar moi ben o seu papel con ditos de despedida. Detrás do carro ían rapaces vestidos de



Martina, 5.º B

cregos, con sabas brancas, levaban un caldeiro e unha vasoira de muíño, representación do acetre de auga bendita e do hisopo.

Cantaban un responsorio ao seu xeito e ao final dicían: «*Pater noster, pola prea*», e botaban a auga en grandes cantidades ao público que estaba máis perto dos improvisados oficiantes.

Percorrían en comitiva as principais rúas da vila e ao chegar á ponte, guindaban a sardiña ao río.

# QUE SABES DO TEXTO?

1. En que dous días se pode celebrar o Enterro da Sardiña en Galiza?

---

2. Que día se celebra en Vimianzo o Enterro da Sardiña ?

---

3. Con que engalanaba o carro a rapazada?

---

4. Quen tiraba do carro?


---

5. Quen era o maioral do carro?

---

6. Que levaba na caixa?

---



Aita, 6.ºB

7. Que dicía no seu pranto o neno?

---

8. De que ía vestida a rapazada que andaba detrás do carro?

---

9. Como dicían ao final do responso?

---

10. Que facían coa sardiña ao final do percorrido?



---

# CADA COUSA CO SEU NOME!

O autor conta que os que ían vestidos de cregos levaban un caldeiro e unha vasoira de muíño, imitando un acetre de auga bendita e un hisopo. Le a definición de cada cousa e coloca os nomes onde lle corresponde.

**ACETRE:** Caldeiro con auga bendita

**HISOPO:** Instrumento de metal ou madeira rematado nunha bóla furada que serve para espaxear a auga bendita.





## OS CREGOS

Serías quen de facer un debuxo dun dos rapaces disfrazado de crego, cun caldeiro e unha vasoira de muíño arrebolando auga á xente? Intentámolo?




# O CREBACABEZAS DA SARDIÑA

# QUE REBUMBIO!

Cambia cada número pola letra que lle corresponde e descubrirás o que fixeron no Enterro da Sardiña en Vimianzo.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
A	E	I	O	U	S	R	P	C	D	M	L	N	B
15	16	17	18	19	20	21	22	23					
V	Ñ	T	F	H	G	Ú	Í	Á					




Helena, 6.ºA

1		9	4	11	3	17	3	15	1		18	4	3		
8	4	12	1	6		7	21	1	6		10	1			
15	3	12	1		2		1	4		9	19	2	20	1	7
23		8	4	13	17	2		14	4	17	1	7	4	13	
1		6	1	7	10	3	16	1		1	4		7	22	4

# AI, MIÑA SARDIÑA!


Localiza no texto e une con frechas a frase que dicía ao final do responsorio a rapazada vestida de crego no Enterro da Sardiña e escríbea.



Ao final do responsorio fálase dunha **prea**, sabes o que é? Ordena as palabras e averíguao.

estado    Corpo    descomposición.    de    morto    en

# O ENCRUCILLADO!



Martín, 6.ºA

## HORIZONTAIS

1. Peixe duns vinte e cinco centímetros que en Vimianzo se guinda ao río o Mércores de Cinza.
2. Cocheiro dunha dilixencia ou doutra carruaxe de cabalos.
3. Día da semana no que en Vimianzo celebran o Enterro da Sardiña.
4. Recipiente que se usa para conter ou transportar líquidos, lixo etc.
5. Período de tempo que vai desde a posta ata a saída do Sol.
6. Edificio onde está instalado algún aparello para moer ou para triturar certos produtos, como cereais, olivas, cana de azucre, etc.
7. Caldeiro pequeno onde se leva a auga bendita.

1.-SARDIÑA 2.-MAIORAL 3.-MÉRCORES 4.-CALDEIRO 5.-NOITE 6.-MUÍÑO 7.-ACETRE




# FACEMOS UN CARTEL?

Inventa un cartel para anunciar o Enterro da Sardiña. Non esquezas colocar estes datos:

- 1.- Lugar, data e horario da actividade
- 2.- Percorrido da comitiva
- 3.- Participantes
- 4.- Frase animando á participación
- 5.- Debuxo alusivo á celebración

Noa, 6.ºA



## O ENTERRO DA SARDIÑA


---

# O MARCAPÁXINAS

Colorea e recorta este marcapáxinas do Enterro da Sardiña.



**QUE CARAUTA POÑEMOS HOXE?**




# DE PIRATA?

BLOG DE HOP'TOYS




# DE GATIÑO?

EURORESIDENTES, PASIÓN POLA VIDA




# DE CALAMARDO?

DIBUJALIA.COM




# DE CAVEIRA?

DIBUJALIA.COM



# DE REI DA SELVA?

FIRSTPALETTE.COM






# DE TIGRE?

GUIAINFANTIL.COM




# DE MONO?

FIRSTPALETTE.COM



# DE OSO PELUDO?

CUENTOCUENTOS.ORG




## **UNHAS CARAUTAS CON PRATOS**



# AS CARAUTAS CON PRATOS

Para facer estas carautas só precisamos pratos de cartón, cachos de cartolinas, témperas, algo de goma... e moita, moita ilusión.



## E MÁIS CARAUTAS...

